

## ESPAÑA NO COMERCIO INTERNACIONAL/GLOBAL DOS PRODUTOS DA PESCA

PEDRO SÁLAMO OTERO  
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

*Recibido:* 30 de marzo de 2006

*Aceptado:* 21 de abril de 2006

---

**Resumo:** Neste artigo trátase de analizar a posición española no comercio internacional dos produtos da pesca e a súa contribución á formación da oferta nacional. A lonxitude do período analizado (o período comprendido entre os anos 1995 e 2005) así como o detalle dos datos estudados (ao máximo nivel de desagregación, é dicir, a nivel de produto), permitirán concluír que a dimensión e a fortaleza do comercio internacional dos produtos da pesca en España non obedece a factores conxunturais, senón que é unha característica específica do sector pesqueiro globalmente considerado que está solidamente establecida.

**Palabras clave:** Pesca / Comercio internacional / Comercio global / Importación / Exportación / Globalización.

### SPAIN IN GLOBAL/INTERNATIONAL TRADE OF FISH PRODUCTS

**Abstract:** This article tries to analyse the spanish position in international trade of fish products and its contribution to domestic supply. The extent of the period analysed (from 1995 to 2005) and the detail of the data (maximum level of detail, that is, to the level of the product) will allow to conclude that the dimension and strength of international trade of spanish fish products is not due to conjunctural elements, but to an specific characteristic of the fishing sector globally considered that is solidly established.

**Keywords:** Fishing / International commerce / Global commerce / International trade / Global trade / Import / Export / Globalization.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

España ocupou desde sempre unha posición relevante a nivel mundial nos distintos ámbitos que conforman o sector pesqueiro. Antes da súa incorporación á Unión Europea, España era considerada unha potencia en materia de pesca tanto no que respecta á flota –que en función da súa dimensión e capacidade técnica e operativa desembocaba nun elevado nivel de capturas– como no que respecta ao consumo –ao rexistrar historicamente un dos consumos *per cápita* máis elevados do mundo–.

A aplicación das políticas de pesca comunitarias tras a adhesión á UE foi provocando ao longo das últimas décadas unha progresiva diminución da flota nacional e reducindo a súa presenza en augas comunitarias. Os efectos que isto podería provocar nas capturas desembarcadas en portos españois foron en certa medida paliados a través das iniciativas dos armadores e das empresas pesqueiras, boa parte delas galegas, que foron quen de atopar alternativas explorando novos caladoiros e incorporando ao mercado novas especies e modalidades de produtos logo de establecer ou de forzar acordos pesqueiros con terceiros países.

A tendencia á baixa das capturas nacionais, a expansión internacional das empresas pesqueiras españolas e tamén o elevado nivel de consumo de produtos pesqueiros, que amosa unha tendencia permanente á alza, e o desenvolvemento da industria conserveira e transformadora, que requiren maiores inputs para os seus procesos, son todos eles factores que propiciaron un forte desenvolvemento do comercio internacional nos últimos lustros en España.

Neste artigo trátase precisamente de ver a posición española no comercio internacional dos produtos da pesca e de analizar a súa contribución á formación da oferta nacional. A lonxitude do período analizado (o período comprendido entre os anos 1995 e 2005), así como o detalle dos datos estudados (ao máximo nivel de desagregación, é dicir, a nivel de produto), permitirán concluír que a dimensión e a fortaleza do comercio internacional dos produtos da pesca en España non obedece a factores conxunturais, senón que é unha característica específica do sector pesqueiro globalmente considerado que está solidamente establecida.

## 2. FONTES ESTADÍSTICAS

A principal fonte de datos que se empregou neste estudo é a sección de *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria, que ilustran con suficiente detalle a evolución do comercio exterior de España no apartado referido aos produtos da pesca nos últimos anos. En concreto, neste artigo farase referencia ao período comprendido entre o ano 1995, que se toma como referencia, e o ano 2005. Tamén se empregou como fonte de datos a sección de estatísticas da FAO, cuxos últimos datos publicados a nivel mundial están referidos ao ano 2003. Este desfacemento temporal entre a información publicada nun e noutro organismo fai que, ao longo do presente estudo, o período de análise estea referido unhas veces ao ano 2003 e outras ao ano 2005.

Neste punto, cómpre chamar a atención sobre a calidade dos datos estatísticos empregados. No ámbito da investigación dos aspectos económicos relacionados co sector pesqueiro sempre asexo a dúbida sobre a bondade dos datos que se toman como referencia para a realización de estudos. Os investigadores asumimos con certa resignación un grao de disparidade entre o mundo real e o mundo que reflicten as estatísticas e si, tamén as oficiais. Porén, podemos, neste caso, considerarnos afortunados, xa que as estatísticas de comercio exterior dispoñibles na AEAT están confeccionadas a partir dos datos que figuran nos documentos aduaneiros que serven de base para a realización de transaccións comerciais entre empresas de países diferentes. As características e a operativa específica das operacións de importación/exportación son a mellor garantía da fiabilidade e exactitude dos datos empregados, por canto que calquera disparidade entre a mercancía e o que figura nos documentos pode dar lugar a que se frustrase a compravenda, coas conseqüentes perdas e responsabilidades nas que incorren os axentes que median na operación á marxe dos propios comprador e vendedor (bancos, correspondentes dos bancos, etc.).

### 3. POSICIÓN DE ESPAÑA NO COMERCIO INTERNACIONAL DOS PRODUTOS DA PESCA

Os últimos datos publicados pola FAO amosan que España é un dos operadores máis relevantes no comercio do peixe a nivel mundial.

Efectivamente, no ano 2003 España realizou importacións de produtos da pesca por valor de 4.904 millóns de US\$, o equivalente ao 7,3% do valor total das importacións mundiais dese ano. Este volume foi tan só superado polo Xapón e polos EE.UU., que realizaron importacións de arredor de 12.000 mil millóns de US\$.

Na clasificación de exportadores España sitúase no sétimo lugar, cun volume de operacións de 2.227 millóns de US\$, o equivalente ao 3,5% do total mundial, despois de China, Tailandia, Noruega, EE.UU., Canadá e Dinamarca.

Se atendemos á parte relativa ás importacións, constatamos un considerable incremento con respecto ao ano 1995. Se nese ano España importou 886 mil toneladas de produtos da pesca, no ano 2005, con non ser este o de maior volume, superouse amplamente o millón de toneladas en 376 mil máis; é dicir, en dez anos España incrementou un xa de por si considerable volume de importacións de produtos da pesca nun 55,3% máis. A media de importacións para o período 1995-2005 é de 1,2 millóns de toneladas anuais por un valor de 3.343 millóns de euros, acadándose os valores máximos no ano 2003, o inmediatamente posterior ao do sinistro do buque *Prestige* o 19 de novembro de 2002, no que se rexistran compras de produtos da pesca equivalentes a 1,4 millóns de toneladas por un valor superior aos 4 mil millóns de euros.

Cal pode ser o motivo que xustifica este incremento?

A gráfica 1 pode darnos unha idea de cal pode ser a razón que xustifica o incremento da actividade importadora nos últimos anos, e que non é outra que a progresiva diminución da produción de produtos da pesca que, atendendo á definición da FAO, está integrada polas actividades da pesca extractiva e da acuicultura.

A tendencia á baixa que amosa o volume de capturas no período considerado, que non é tampouco compensada polo incremento da produción que se deriva das actividades da acuicultura, fai necesario recorrer á importación para satisfacer as necesidades da demanda de produtos pesqueiros que, tanto en termos de consumo humano coma de inputs para a industria transformadora, se mantén e mesmo se incrementa.


A importación de produtos pesqueiros representaba o 42,8% do total da oferta no ano 1995, proporción que non deixou de medrar ao longo do período ata chegar ao 61,4% no ano 2003.

A mesma variación, pero en sentido contrario, dáse nas capturas. No ano 1995 as capturas de peixe acadaban o 57,1% da oferta de produtos pesqueiros, mentres que no ano 2003 se reduciron ao 38,6%. Este feito atopa explicación nunha variedade de motivos directamente vinculados á problemática específica do sector extractivo (recorte das capturas, redución da flota, etc.).

A acuicultura conseguiu incrementar a súa contribución á oferta dos produtos da pesca tanto en termos absolutos coma en termos relativos. No ano 1995 a produción procedente da acuicultura elevouse a 224 mil toneladas (das que 181 mil corresponden a mexillón), o 10,8% da oferta de produtos pesqueiros, mentres que no ano 2003 acadou o 13,5% da oferta con 313 mil toneladas (249 mil corresponden á produción de mexillón).

O incremento da produción procedente da acuicultura, con non deixar de ser importante, non foi suficiente para paliar o descenso do volume de capturas rexistradas no período. Compre tamén ter presente que a acuicultura non constitúe, hoxe por hoxe, unha alternativa para todas as especies que se obteñen a través da pesca extractiva.

**Gráfica 1.-** Oferta de produtos pesqueiros en España




FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria e das seccións de estatística de Jacumar, do MAPA e da FAO.


O cúmulo de circunstancias específicas deste mercado (basicamente demanda sostida e menor produción) xunto con outras propias do contorno (liberalización de fluxos financeiros e monetarios e de movementos de mercancías a nivel mundial) converten o mercado de produtos pesqueiros nun paradigma de mercado globalizado debido ao volume e á variedade de transaccións transfronteirizas de produtos da pesca nas que as empresas españolas operan a nivel mundial e aos conseguintes fluxos internacionais de capitais que xeran.

Os datos que se expoñen a continuación son suficientemente ilustrativos do grao de internacionalización do mercado dos produtos da pesca en España: entre os anos 1995 e 2005, as empresas españolas realizaron transaccións comerciais por importacións e/ou exportacións de produtos da pesca con 200 países do mundo, transaccións que supuxeron o movemento de 20,3 millóns de toneladas de produtos e que orixinaron fluxos monetarios por importe de 51.383 millóns de euros.

As gráficas 2 e 3 que se amosan deseguido permiten apreciar a evolución, tanto en peso coma en valor, das importacións e exportacións de produtos da pesca ao longo deste período.

**Gráfica 2.- Comercio internacional de produtos da pesca en peso**

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Gráfica 3.- Comercio internacional de produtos da pesca en valor**

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

## 4. CARACTERÍSTICAS DO COMERCIO INTERNACIONAL DOS PRODUTOS DA PESCA

### 4.1. IMPORTACIÓNS


Entre os anos 1995 e 2005 España importou un total de 13,2 millóns de toneladas de produtos da pesca por valor de 36.777 millóns de euros.

Se procedemos a realizar a agrupación dos produtos importados no período 1995-2005 atendendo á categoría a que pertencen (peixe, moluscos ou crustáceos), teriamos que:

- Á categoría de peixe corresponde o 62% do volume total das importacións de produtos da pesca, cunha media anual de importacións de 746 mil toneladas. En termos de valor, as importacións de peixe, cunha media anual de 1.756 millóns de euros, representan o 53% do valor total das importacións.
- Os moluscos, cun termo medio de importacións para o mesmo período de 313 mil toneladas anuais, representan o 26% das importacións, En valor, os moluscos, cunha media anual de 0,7 mil millóns de euros, representan o 21% do total.

- Os crustáceos, cun termo medio anual de importacións de 144 mil toneladas, representan o 12% do total das importacións, mentres que en valor, cunha media anual de 0,89 mil millóns de euros, representan o 26% do total das importacións.

**Gráfica 4.-** Importación de produtos da pesca segundo categoría, España (1995-2005)



FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.


A táboa 1 amosa, ademais da categoría á que pertencen os produtos da pesca importados, a modalidade na que foron importados (fresco, conxelado e outras).

A análise por categoría e modalidade indícanos que para o período 1995-2005:

- Os produtos conxelados representan o 70% do volume total das importacións, cun termo medio anual de importacións equivalente a algo máis de 839 mil toneladas. En termos de valor as importacións de produtos conxelados elévanse a 2.132 millóns de euros anuais, o 64% do valor total das compras. A súa vez, puidemos comprobar que:
  - O 53% do total de produtos conxelados importados corresponden á categoría de peixe, cuns termos medios anuais de importacións de 445 mil toneladas por valor de 765 millóns de euros.
  - O 32% dos produtos conxelados están englobados na categoría de moluscos e representaron para o conxunto do período unha media de 267 mil toneladas anuais cun valor medio anual de 588 millóns de euros.
  - O 15% restante corresponde á categoría de crustáceos, cun termo medio anual de importacións de 127 mil toneladas cun valor medio de 782 millóns de euros anuais.
- Os produtos frescos ou refrixerados, cun termo medio anual de importacións de 286 mil toneladas, representaron o 24% do total. En termos de valor as importacións de produtos frescos ou refrixerados representan o 29% do total. Nesta modalidade pódese comprobar que:
  - O 87% dos produtos frescos ou refrixerados corresponden á categoría de peixe, cunhas medias anuais de importacións de 247 mil toneladas e 793 millóns de euros.

- O 7% corresponde a moluscos, que representan unhas medias anuais de 22 mil toneladas e 59 millóns de euros.
- O 6% restante corresponde a crustáceos, cunhas medias anuais de 17 mil toneladas e 106 millóns de euros
- O conxunto das importacións integrado polos produtos da pesca secos, salgados, afumados, etc., representou, cun termo medio de 78 mil toneladas anuais, o 6% do volume total de importacións do período, que en termos de valor equivaleu ao 7% do total.

**Táboa 1.-** Importación de produtos da pesca segundo modalidade e categoría, España (1995-2005)



P: Peixe; M: Moluscos; C: Crustáceos; TF: Total fresco; TC: Total conxelado; TM: Total resto modalidades

	FRESCO			TOTAL FRESCO	CONXELADO			TOTAL CONXEL.	RESTO MODALIDADES		TM
	Peixe	Moluscos	Crustáceos		Peixe	Moluscos	Crustáceos		Peixe	Moluscos	
Peso (t)	246.897	21.557	17.082	285.536	445.374	267.126	126.789	839.289	53.233	24.772	78.006
% categ./mod.	82,9%	6,2%	11,0%	100,0%	35,8%	27,4%	36,7%	100,0%	79,0%	21,0%	100,0%
% categ./total	20,5%	1,8%	1,4%	23,7%	37,0%	22,2%	10,5%	69,8%	4,4%	2,1%	6,5%

TM: Total resto modalidades.

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

#### 4.1.1. Importacións segundo a orixe

Analízase neste apartado o período comprendido entre os anos 2001 e 2005. Preténdese así que os datos reflectan de xeito máis preciso a tendencia que amosa o mercado na actualidade.

A pesar de que España realizou ao longo destes anos importacións de produtos da pesca desde máis de 150 países, o certo é que os datos do período demostran que se produce unha gran concentración nunhas poucas orixes.

Como se pode apreciar no cadro 1, os produtos da pesca importados entre os anos 2001 e 2005 en España que representan a metade do valor (50,8%) proveñen de tan só nove países. As importacións que proceden destes mesmos países supoñen en peso o 46% do total.

**Cadro 1.-** Importación de produtos da pesca segundo orixe, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	VALOR		PESO	
	%	% acum.	%	% acum.
Arxentina	8,38%	8,38%	8,40%	8,40%
Marrocos	8,27%	16,65%	6,75%	15,15%
Francia	7,88%	24,53%	6,88%	22,03%
Reino Unido	5,95%	30,48%	4,19%	26,22%
Namibia	4,90%	35,37%	5,54%	31,76%
Portugal	4,57%	39,94%	5,08%	36,83%
Italia	4,05%	44,00%	3,99%	40,82%
Países Baixos	3,47%	47,47%	2,54%	43,37%
Dinamarca	3,33%	50,79%	2,44%	45,80%
Resto países	49,2%	100,00%	54,20%	100,00%
<i>Total importacións</i>	<i>100,00%</i>	<i>---</i>	<i>100,00%</i>	<i>---</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

O grao de concentración que xenericamente se pon de manifesto cos datos deste cadro faise aínda máis evidente se facemos a análise desde a perspectiva da modalidade de importación.

Deste xeito temos que, segundo se pode comprobar nos cadros 2.1 a 4.2, entre os anos 2001 e 2005:

- A metade dos produtos da pesca importados baixo a modalidade de fresco proveñen de unicamente cinco países: Francia, Reino Unido, Marrocos, Italia e Portugal, que representan o 54% en valor e o 59% en peso destas importacións. As importacións de produtos da pesca frescos procedentes destes cinco países xunto coas procedentes de Dinamarca, Países Baixos, Grecia, Sudáfrica e Irlanda acadan o 81% do valor e o 82% en peso. O restante 19% en valor e 18% en peso das importacións en fresco distribúese entre outros 115 países máis.
- A metade dos produtos da pesca importados baixo a modalidade de conxelado proveñen de unicamente dez orixes distintas, as que corresponden aos cinco principais países citados no apartado de fresco xunto con Arxentina, Namibia, China, Illas Malvinas e India. Todos eles conxuntamente acaparan o 52% en valor e o 48% en peso do total das importacións baixo esta modalidade. Nesta modalidade de importación non se produce unha concentración segundo a orixe tan elevada coma no caso das importacións de fresco. Neste caso, acádase o 80% do valor das importacións de conxelado (que equivalen ao 75% en peso) ao agrupar as importacións procedentes de 27 orixes distintas. O 20% en valor das importacións efectuadas na modalidade de conxelado repártese entre outros 132 países máis.
- No apartado correspondente a outras modalidades, que engloba a importación de produtos da pesca salgados, afumados, etc., evidénciase unha altísima concentración de entradas procedentes dos países bálticos. Islandia, co 33% do valor das importacións efectuadas nesta modalidade, Illas Feroe, co 13%, e Dinamarca, con outro 13%, conxuntamente representan o 59% do valor total das importacións fei-

tas baixo esta modalidade. Se a estes tres países lles engadimos as importacións procedentes de Países Baixos, Noruega e Arxentina, estaríamos a falar do 81% do valor destas importacións (representan o 76% das importacións en peso). O 19% restante provén doutros 91 países máis.

**Cadro 2.1.-** Importación de produtos da pesca frescos segundo orixe en valor, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	VALOR (en millóns de euros)				
	2001	2002	2003	2004	2005
Francia	220,28	251,23	246,34	223,87	199,23
Reino Unido	152,04	138,10	137,14	132,78	135,59
Marrocos	78,77	96,12	108,93	107,30	113,63
Italia	86,35	89,73	91,74	90,52	117,37
Portugal	74,95	80,60	91,03	96,10	94,63
Dinamarca	70,61	77,03	71,35	71,90	91,25
Países Baixos	61,23	57,31	52,84	76,60	68,54
Grecia	56,52	81,34	65,34	54,14	53,26
Sudáfrica	58,62	61,87	64,28	63,25	60,00
Irlanda	68,72	55,18	56,60	57,01	54,40
Noruega	40,41	51,47	40,97	29,73	54,91
Chile	36,87	44,31	41,32	42,28	44,13
EE.UU.	30,18	22,55	22,54	22,89	31,02
Namibia	28,15	24,11	18,86	24,15	26,40
Resto países	87.050,00	85.878,00	82.634,00	103.709,00	116.724,00
<i>Total importacións</i>	<i>1.150,74</i>	<i>1.216,82</i>	<i>1.191,92</i>	<i>1.196,23</i>	<i>1.261,09</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España da Axencia Tributaria*.

**Cadro 2.2.-** Importación de produtos da pesca frescos segundo orixe en peso, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	PESO (en t)				
	2001	2002	2003	2004	2005
Francia	66.673	64.719	63.005	58.268	48.296
Reino Unido	39.511	34.032	35.333	29.951	26.921
Marrocos	36.234	41.343	41.636	42.312	42.149
Italia	30.157	26.785	34.643	43.855	44.213
Portugal	24.335	33.027	41.977	39.062	37.254
Dinamarca	17.940	19.510	19.949	19.094	21.567
Países Baixos	10.444	8.543	8.369	14.562	9.740
Grecia	14.884	19.937	17.403	14.433	13.931
Sudáfrica	20.097	19.999	18.274	16.240	15.073
Irlanda	19.798	14.666	15.699	15.397	12.335
Noruega	10.855	14.319	13.432	9.572	14.320
Chile	13.779	13.496	11.851	13.055	13.647
EE.UU.	6.405	3.126	3.586	3.282	4.452
Namibia	7.474	5.745	4.931	6.045	6.460
Resto países	21.936	24.243	29.119	33.517	31.638
<i>Total importacións</i>	<i>340.521</i>	<i>343.488</i>	<i>359.207</i>	<i>358.645</i>	<i>341.996</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España da Axencia Tributaria*.

**Cadro 3.1.-** Importación de produtos da pesca conxelados segundo orixe en valor, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	VALOR (en millóns de euros)				
	2001	2002	2003	2004	2005
Arxentina	446,97	313,36	377,64	273,19	218,70
Marrocos	239,53	251,99	230,58	208,73	235,83
Namibia	209,26	159,90	185,41	173,86	144,50
China	135,93	62,10	75,07	99,92	186,31
Reino Unido	86,46	110,58	102,94	100,86	103,00
Portugal	104,11	108,21	83,92	77,57	85,21
Illas Malvinas	67,01	70,60	107,19	84,48	104,40
Francia	83,33	66,70	90,18	102,10	86,95
India	69,01	77,52	74,43	83,53	98,58
Italia	56,33	71,57	70,22	71,55	75,81
Resto países	1.235,56	1.250,24	1.247,10	1.259,50	1.340,93
<i>Total importacións</i>	<i>2.733,49</i>	<i>2.542,79</i>	<i>2.644,67</i>	<i>2.535,27</i>	<i>2.680,21</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Cadro 3.2.-** Importación de produtos da pesca conxelados segundo orixe en peso, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	PESO (en t)				
	2001	2002	2003	2004	2005
Arxentina	137.835	112.498	118.747	86.404	81.476
Marrocos	64.569	56.202	47.583	39.829	48.069
Namibia	79.120	65.994	76.679	71.860	56.888
China	40.856	23.081	29.282	40.486	68.014
Reino Unido	20.611	25.117	25.581	23.742	23.960
Portugal	35.393	38.841	29.632	29.186	31.976
Illas Malvinas	56.517	52.000	58.927	39.646	53.322
Francia	34.775	23.528	31.166	44.240	32.601
India	26.798	28.827	29.845	37.324	41.356
Italia	21.059	17.798	18.267	18.275	18.758
Resto países	475.835	494.025	545.633	523.141	521.507
<i>Total importacións</i>	<i>993.368</i>	<i>937.910</i>	<i>1.011.344</i>	<i>954.133</i>	<i>977.928</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Cadro 4.1.-** Importación de produtos da pesca outras modalidades segundo orixe en valor, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	VALOR (en millóns de euros)				
	2001	2002	2003	2004	2005
Islandia	59,55	71,17	75,75	85,47	96,07
Illas Feroe	29,43	27,46	33,69	29,05	29,19
Dinamarca	25,03	27,02	38,04	30,51	27,91
Países Baixos	22,73	26,20	19,79	19,40	20,92
Noruega	21,31	13,80	29,97	18,38	10,69
Arxentina	9,65	9,13	11,66	10,47	12,23
Resto países	45,36	42,77	41,02	47,15	51,35
<i>Total importacións</i>	<i>213,05</i>	<i>217,54</i>	<i>249,93</i>	<i>240,44</i>	<i>248,36</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.


**Cadro 4.2.-** Importación de produtos da pesca outras modalidades segundo orixe en valor, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	PESO (en t)				
	2001	2002	2003	2004	2005
Islandia	9.610	11.806	12.284	14.338	16.326
Illas Feroe	4.762	4.999	5.673	5.024	5.191
Dinamarca	4.866	5.788	8.387	6.650	5.974
Países Baixos	4.041	4.772	3.649	4.290	4.602
Noruega	5.165	3.441	7.287	4.155	2.278
Argentina	5.343	5.178	8.333	7.850	8.550
Resto países	14.076	11.270	12.106	12.545	13.300
<i>Total importacións</i>	<i>47.863</i>	<i>47.255</i>	<i>57.719</i>	<i>54.853</i>	<i>56.223</i>

FORNTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.


Os datos expostos anteriormente permítenos concluir que os máis importantes e destacados subministradores de produtos da pesca do mercado español son un grupo de cinco países formado por Francia, Reino Unido, Marrocos, Italia e Portugal. Todos eles manteñen unha importancia relativa destacada en todas as modalidades de importación e atópanse na nosa contorna xeográfica máis próxima.

A continuación, reflectimos algúns datos que serven para corroborar a importancia deste grupo de países como subministradores do mercado español. Conxuntamente Francia, Reino Unido, Marrocos, Italia e Portugal subministranlle ao mercado español produtos da pesca: o 31% en termos de valor e o 27% en peso do total dos produtos da pesca importados, o 54% en valor e o 59% en peso do total dos produtos da pesca importados baixo a modalidade de fresco, o 22% en valor e o 16% en peso do total dos produtos da pesca importados baixo a modalidade de conxelado, sendo o detalle e a distribución por modalidade de importación a que se especifica nas táboas 2.1 e 2.2.

**Táboa 2.1.-** Importación de produtos da pesca en peso. Principais subministradores segundo modalidade, España (2001-2005)

	FRANCIA	MARROCOS	PORTUGAL	R. UNIDO	ITALIA
Resto modalidades	1.242	879	1.677	721	166
Conxelado	33.262	51.250	33.006	23.802	18.831
Fresco	60.192	40.735	35.131	33.150	35.931

FORNTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.


**Táboa 2.2.-** Importación de produtos da pesca en valor. Principais subministradores segundo modalidade, España (2001-2005)

	MARROCOS	FRANCIA	R. UNIDO	PORTUGAL	ITALIA
Resto modalidades	1,86	6,06	1,67	6,30	0,65
Conxelado	233,33	85,85	100,77	91,80	69,10
Fresco	100,95	228,19	139,13	87,46	95,14

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

## 4.2. EXPORTACIÓNS


O termo medio da proporción de produtos exportados é, en canto a volume de peso, do 75%, 22% e 3%, respectivamente, para peixe, moluscos e crustáceos. Para unha media anual de exportacións no período 1995-2005 de 642 mil toneladas anuais, estas porcentaxes corresponden a unha media anual de exportacións de 482 toneladas de peixe, 140 mil toneladas de molusco e 20 mil toneladas de crustáceos.

**Gráfica 4.-** Exportación de produtos da pesca segundo categoría, España (1995-2005)

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

En valor, para un termo medio anual de exportacións de 1.328 millóns de euros, o peixe, cunha media de 876 millóns de euros, representa o 66% do valor das exportacións; os moluscos, cunha media de 306 millóns de euros, representan o 24%; e os crustáceos, cunha media de exportacións de 146 millóns de euros, representan o 11% do valor total das exportacións do período.

Na táboa 3 pódese ver a distribución das exportacións do período atendendo, ademais da categoría, á modalidade á que pertencen os produtos.

**Táboa 3.-** Exportación de produtos da pesca segundo modalidade e categoría, España (1995-2005)

P: Peixe; M: Moluscos; C: Crustáceos; TF: Total fresco; TC: Total conxelado; TM: Total resto modalidades

	FRESCO			TOTAL FRESCO	CONXELADO			TOTAL CONXEL.	RESTO MODALIDADES		TM
	Peixe	Moluscos	Crustáceos		Peixe	Moluscos	Crustáceos		Peixe	Moluscos	
Peso (t)	85.053	30.341	854	116.247	384.829	108.353	18.805	511.987	12.519	1.597	14.116
% categ./mod.	88,1%	10,1%	1,8%	100,0%	55,2%	30,1%	14,7%	100,0%	94,9%	5,1%	100,0%
% categ./total	13,2%	4,7%	0,1%	18,1%	59,9%	16,9%	2,9%	79,7%	1,9%	0,2%	2,2%

TM: Total resto modalidades.

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

Por modalidades, temos que os produtos conxelados representan o 80% do volume total de exportacións, cunha media anual de 512 mil toneladas; os produtos frescos, cunha media de 116 mil toneladas anuais, representan o 18% do volume total de exportacións, correspondendo o 2% restante, cun volume anual de exportacións de 14 mil toneladas anuais, ao resto de produtos da pesca integrados na modalidade de secos, salgados, afumados, etc.

En termos de valor, a exportación de produtos conxelados, frescos e os incluídos no resto de modalidades representan, respectivamente, o 69%, 26% e 5%, que corresponden a unha media de exportacións anual de 911 millóns de euros de produtos conxelados, 352 millóns de euros de produtos da pesca frescos e 65 millóns de euros de produtos englobados noutras modalidades.

#### 4.2.1. Exportacións segundo o destino

No período comprendido entre os anos 2001 e 2005, España exportou produtos da pesca a 170 destinos distintos, aínda que, non obstante, a maior parte das exportacións se concentran nuns poucos países.

Como se pode apreciar no cadro 5, os produtos da pesca exportados entre os anos 2001 e 2005, que representan a metade do valor (51,7%), teñen como destino unicamente dous países: Italia e Portugal. As exportacións dirixidas a estes mesmos países representan en peso o 41% do total.

**Cadro 5.-** Exportación de produtos da pesca segundo destino, España (2001-2005)

PAÍS DE DESTINO	VALOR		PESO	
	%	% acum.	%	% acum.
Italia	26,2%	26,2%	18,4%	18,4%
Portugal	25,6%	51,7%	22,5%	40,9%
Francia	12,1%	63,8%	7,9%	48,8%
Xapón	9,0%	72,8%	2,1%	50,9%
Resto países	27,2%	100,0%	49,1%	100,0%
<i>Total exportacións</i>	<i>100,0%</i>	<i>---</i>	<i>100,10%</i>	<i>---</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

Se ademais das exportacións a Italia e a Portugal consideramos as efectuadas a Francia, que representan o 12% do valor total das exportacións do período, e as efectuadas a Xapón, que representan un 9%, estaríamos abarcando o 73% do total das exportacións en termos de valor, e o 51% en termos de peso. O restante 27% en valor, o que en peso representa o 49%, distribúese entre outros 166 países.

Se realizamos a análise considerando tamén a modalidade baixo a que se realizan as exportacións (cadros 6 e 7), observamos que son os mesmos países os que concentran en grao similar as exportacións españolas de produtos da pesca. Así pois:

- Na modalidade de fresco, Italia e Portugal, conxuntamente, acaparan o 48% en valor e o 65% en peso do total das exportacións. Considerando Francia e Xapón, acadaríase o 88% do valor e o 92% do peso do total das exportacións.
- Na modalidade de conxelado, de novo Italia e Portugal acaparan a metade das exportacións, o 52%, aínda que en peso a proporción que acadan estes dous países representa tan só o 35% do total. Se de novo integramos os datos correspondentes a Francia e Xapón, veríamos que estes catro países conxuntamente representan para o total das exportacións efectuadas na modalidade de conxelado o 66% en valor e o 41% en peso.
- Finalmente, baixo o resto de modalidades, de novo Italia e Portugal acaparan, co 70% do valor e o 64% do peso, a maior parte das exportacións efectuadas. Engadindo Francia e Xapón, o grupo dos catro principais destinos representaría o 86% do valor e o 83% en peso das exportacións de produtos da pesca baixo esta modalidade.

**Cadro 6.-** Exportacións en valor de produtos da pesca segundo modalidade e destino, España (medias período 2001-2005)

PAÍS DE DESTINO	MILLÓNS DE EUROS			
	Fresco	Conxelado	Resto	Todas
Italia	103,87	305,35	18,99	428,21
Portugal	109,46	274,14	34,80	418,39
Francia	86,01	99,88	12,22	198,10
Xapón	90,37	56,17	0,18	146,72
Resto países	55,55	379,61	10,41	445,57
<i>Total exportacións</i>	<i>445,26</i>	<i>1.115,14</i>	<i>76,59</i>	<i>1.636,99</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Cadro 7.-** Exportacións en peso de produtos da pesca segundo modalidade e destino, España (medias período 2001-2005)

PAÍS DE DESTINO	TONELADAS			
	Fresco	Conxelado	Resto	Todas
Italia	33.593	100.257	2.061	135.911
Portugal	53.875	105.266	7.167	166.308
Francia	30.574	25.390	2.519	58.483
Xapón	5.631	10.102	7	15.741
Resto países	11.374	350.947	2.409	364.730
<i>Total exportacións</i>	<i>135.048</i>	<i>591.962</i>	<i>14.163</i>	<i>741.172</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

## 5. COEFICIENTE DE PREZOS RELATIVOS

Se efectuamos a análise considerando o *coeficiente de prezo relativo das importacións*, que mostra o prezo relativo dos produtos importados dun país con respecto ao prezo medio das importacións totais, podemos deducir cales son os países de onde proveñen as especies de maior valor comercial.

O coeficiente de prezo relativo das importacións indica canto (máis ou menos) hai que pagar por unha unidade de produto importado dun determinado país en relación ao que se paga por esa mesma unidade de produto considerando o total dos países. Por exemplo: se o prezo medio do conxunto das importacións para un determinado produto fora de 2,70 €/kg, o prezo que habería que pagar por esa mesma cantidade de produto a un país cun coeficiente de prezo relativo das importacións de 1,72 sería de 4,64 €/kg. Para un país que presentara un coeficiente de 0,92, o prezo que habería que pagar por esa mesma cantidade de produto sería de 2,49 €/kg.

Poden ser moitas as causas que inflúan nos prezos en orixe e, polo tanto, as que determinen os coeficientes de prezo relativo das importacións de cada país en relación a cada produto ou grupo de produtos da pesca. No ámbito deste traballo asumírase que existe una proporción directa entre o coeficiente de prezo relativo e o valor comercial dos produtos.

Desde a perspectiva do coeficiente de prezo relativo das importacións, podemos observar que:

- Baixo a modalidade de fresco, e como se pode apreciar no cadro 8, as importacións de produtos de maior valor comercial, interpretando que o valor comercial das especies vén determinado polo prezo unitario que acadan no mercado, proceden, salvo algunha excepción, de países desenvolvidos. Polo que respecta ao grupo dos cinco principais provedores, vemos que son o Reino Unido e Francia os que lle achegan ao mercado español os produtos de maior valor comercial. De Italia, Portugal e Marrocos, que presentan un coeficiente de prezo relativo das im-

portacións inferior a 1, impórtanse produtos da pesca frescos de valor comercial inferior ao da media das importacións de fresco do período.

**Cadro 8.-** Importacións fresco, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	MEDIAS	
	€/kg	CPR
EE.UU.	6,43	1,86
Países Baixos	6,24	1,80
Reino Unido	4,25	1,23
Namibia	3,97	1,15
Dinamarca	3,89	1,13
Grecia	3,84	1,11
Francia	3,81	1,10
Irlanda	3,79	1,10
Sudáfrica	3,48	1,01
Noruega	3,46	1,00
<i>Total importacións</i>	3,45	1,00
Resto países	3,43	0,99
Chile	3,18	0,92
Italia	2,72	0,79
Portugal	2,54	0,74
Marrocos	2,47	0,72

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

- Baixo a modalidade de conxelado, agás Francia, que presenta un coeficiente de prezo relativo das importacións próximo á unidade, o resto dos países que conforman o grupo dos cinco subministradores principais achéganlle ao mercado español produtos conxelados de alto valor comercial (cadro 9). Destaca neste sentido o caso de Marrocos, que acada un coeficiente de 1,72. Quere isto dicir que por cada euro pagado por unha determinada cantidade de produto importado, pola mesma cantidade de produto importada deste país habería que pagar 1,72 euros máis.

**Cadro 9.-** Importacións conxelado, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	MEDIAS	
	€/kg	CPR
Marrocos	4,64	1,72
Reino Unido	4,23	1,57
Italia	3,70	1,37
Arxentina	3,01	1,12
Portugal	2,78	1,03
China	2,76	1,02
<i>Total importacións</i>	2,70	1,00
Francia	2,62	0,97
Namibia	2,49	0,92
Resto países	2,48	0,92
India	2,48	0,92
Illas Malvinas	1,69	0,63

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

- Os coeficientes de prezos relativos correspondentes ás importacións efectuadas baixo o resto de modalidades poñen de manifesto que son precisamente os países que máis produtos subministran ao mercado español os que, ademais, o fan a un prezo relativo maior (cadro 10).

**Cadro 10.-** Importacións outras modalidades, España (2001-2005)

PAÍS DE ORIXE	MEDIAS	
	€/kg	CPR
Islandia	6,05	1,36
Illas Feroe	5,80	1,31
Países Baixos	5,12	1,15
Dinamarca	4,72	1,06
<i>Total importacións</i>	4,44	1,00
Noruega	4,27	0,96
Resto países	3,61	0,81
Arxentina	1,55	0,35

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

## 6. COMERCIO INTERNACIONAL DE PEIXE FRESCO

Entendemos que a evolución do comercio internacional dos produtos da pesca efectuado baixo a modalidade de fresco, principalmente a categoría de peixe na súa compoñente importadora, en canto alternativa á caída relativa de capturas da flota propias en litoral e mares comunitarios, merece ser obxecto dun tratamento específico neste traballo.

As importacións de peixe realizadas baixo a modalidade de fresco ou refrixerado (en adiante peixe fresco) representan, no período comprendido entre os anos 1995 e 2004, arredor do 20% do total das importacións de produtos da pesca realizadas en España e do 86% do total de importacións de fresco. As importacións de peixe fresco contribuíron a incrementar a oferta dos produtos da pesca en España nunha media de 247 mil toneladas anuais, cifra que se eleva a 279 mil toneladas por termo medio nos últimos cinco anos.


Neste período importáronse un total de 2,7 millóns de toneladas de peixe fresco, cunha media anual de 247 mil toneladas. O ano 1995 foi o que rexistrou un menor volume, con 185 mil toneladas, e o ano 2003 o de maior volume de importacións, con 285 mil toneladas.

Na gráfica 6, que amosa a evolución en peso, e na gráfica 7, que amosa a evolución en valor, do comercio internacional de produtos da pesca frescos pódese apreciar a tendencia crecente que, en cantidade, amosan as importacións de peixe fresco para o período de estudo. Esta tendencia vese truncada tan só nos anos 2004 e 2005, nos que se rexistran uns descensos do 0,7% e do 5,1%, aínda que para o conxunto do período se rexistrou un incremento interanual medio do 3,9%.

Desde o ano 1995 ata o ano 2005, España realizou importacións de peixe fresco de 157 países diferentes. Malia o elevado número de países cos que, habitual ou


esporadicamente, se manteñen relacións comerciais, tamén neste caso se constata unha elevada concentración nas mesmas poucas orixes indicadas en apartados anteriores. É dicir, Francia, Reino Unido, Portugal, Italia e Marrocos representan tanto en peso coma en valor preto da metade das importacións de peixe fresco do período.

**Gráfica 6.- Comercio internacional de produtos da pesca frescos en peso, España**



FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Gráfica 7.- Comercio internacional de produtos da pesca frescos en valor, España**



FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

Este grupo de cinco países representa para o período 1995-2005 o 55% do total das importacións en peso e o 50% en valor. No primeiro ano do período, acadaba o 60% e o 53%, respectivamente, en peso e en valor, mentres que no ano 2005 mantiveron unha proporción do 51% en peso, pero baixando ao 46% en valor.

Son notables as diferenzas nas variacións que se observan en peso e en valor entre o primeiro e o último ano do período:

- Entre os anos 1995 e 2005 España importou un total de 2,7 millóns de toneladas de peixe fresco, o que representa unha media de 247 mil toneladas anuais, por valor de 8.720 millóns de euros e unha media de 793 millóns de euros anuais. Estes termos medios medran considerablemente se cinguimos a análise ao período 2001-2005. Así, teríamos que a media anual de importacións de peixe fresco para

estes anos foi de 279 mil toneladas anuais, por un valor, tamén medio, de 942 millóns de euros anuais. As cifras medias para os anos 2001-2005 experimentan considerables incrementos, do 27% en peso e do 41% en valor, con respecto ao período inmediatamente anterior, o comprendido entre os anos 1995 e 2000, no que se acadou un termo medio de importacións de peixe fresco de 220 mil toneladas anuais por un valor de 668 millóns de euros anuais.

- O grupo dos cinco países principais globalmente considerados experimenta crecementos tamén importantes. O volume de importacións de peixe fresco procedente dos cinco, con representar unha proporción con respecto ao global menor na actualidade, incrementouse un 23% en peso e un 59% en valor entre os anos 1995 e 2005. A variación entre os períodos 1995-2000 e 2001-2005 é tamén considerable ao producirse un incremento do 16% en termos de peso e do 31% en termos de valor.
- A pesar de que se pode considerar que o grupo dos cinco mantén globalmente unha posición relativa estable con respecto ao global de importación de peixe fresco, o certo é que a tendencia individual que cada un dos países presenta é ben distinta e serve, ademais, para verificar a tendencia que pon de manifesto o coeficiente de prezo relativo das importacións que describimos anteriormente. Deste xeito constatamos, por unha parte, que diminucións en termos de peso nas importacións procedentes de Francia e o Reino Unido non se traducen en diminucións proporcionais en termos de valor e, por outra parte, que incrementos en termos de peso nas importacións procedentes de Portugal, Italia e Marrocos non se traducen en incrementos proporcionais en termos de valor, o que reflicte a evolución que sinalan os respectivos coeficientes de prezo relativo que mostramos anteriormente para cada un destes países, coeficientes superiores a 1 para Francia e Reino Unido e inferiores á unidade para os outros tres países.

Se ao grupo dos cinco países anteriores lle engadimos Dinamarca, Sudáfrica, Irlanda e Chile, teríamos que estes nove países suman o 77% en peso e o 73% en valor das importacións de peixe fresco do período. Se continuamos ampliando a lista, observaríamos que os vinte primeiros países fornecen máis do 98% do total das importacións de peixe fresco entre os anos 1995 e 2005.


### **6.1. COMERCIO INTERNACIONAL DE PEIXE FRESCO. IMPORTACIÓNS DOS PRINCIPAIS PAÍSES SUBMINISTRADORES**

Na gráfica 8 pódese observar a evolución do volume das importacións dos principais subministradores do mercado español para o período de referencia.

Francia é ao longo de todo o período o principal subministrador de peixe fresco, aínda que o seu peso relativo diminúe progresivamente xa que, malia que o volume importado de Francia representaba no ano 1995, tanto en valor coma en peso, o

25% do total, no ano 2005 diminúe ata o 12% en peso e o 16% en valor. Como xa dalgún xeito se puxo de manifesto en parágrafos anteriores, a perda de importancia relativa das importacións de peixe fresco procedentes de Francia maniféstase máis en termos de peso ca en termos de valor, como consecuencia dos maiores prezos unitarios dos seus produtos.

**Gráfica 8.-** Importación de produtos da pesca frescos en peso. Principais países subministradores, España



F: Francia; RU: Reino Unido; I: Italia; P: Portugal; M: Marrocos  
 FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

Chama a atención o caso do Reino Unido que, sendo para o total do período analizado o segundo subministrador de peixe fresco do mercado español, presenta unha media de variación interanual negativa do 4,4% anual, o que o trasladou desde o segundo posto que posuía ata o ano 2001 ata o oitavo posto no ano 2005, no que o volume de importacións se reduciu ata 14.000 toneladas, a metade do volume acadado nos últimos anos da década dos anos noventa.

Italia, Portugal e Marrocos foron, despois de Francia, e por esta orde, os principais abastecedores de peixe fresco nos anos 2004 e 2005. Contrariamente ao ocorrido co Reino Unido, presentan uns crecementos interanuais moi elevados que lles fixeron gañar peso relativo no volume de importacións global de peixe fresco en España.

España, que importaba de Portugal algo máis de 13.700 toneladas no ano 1995, rexistrou no ano 2005 unhas importacións de 31.000 toneladas de peixe fresco, cun crecemento interanual do 11,3% para todo o período e un crecemento especialmente intenso nos anos 2002-2004 do 18% interanual.

As importacións procedentes de Italia medraron ata acadar as 31.000 toneladas, o seu maior volume nos últimos anos do período analizado, tras un período anterior que se caracterizou por variacións desiguais no volume.

Con todo, o caso de Marrocos é o que, en termos de volume, presenta un crecemento máis importante e sostido ao longo do período, xa que das 5.800 toneladas que representou o volume de importacións deste país no ano 1995 se pasou ás 28.200 toneladas que se rexistraron no ano 2005, o que equivaleu a un crecemento do 19% interanual con períodos de moi intenso crecemento, como sucedeu no período 1995-2000 no que se acadou unha taxa de variación interanual do 26%.

Os cadros 11 a 15, que figuran nas páxinas seguintes, mostran para o período 2001-2005 o detalle das importacións con orixe en cada un destes países e as medias de cantidade e valor das especies principais.

**Cadro 11.- Importacións orixe Francia (datos medios do período 2001-2005)**

	ESPECIE	TONELADAS	MILLÓNS €	€/kg	% S/PESO	% S/VALOR
PEIXE	Bocartes	11.090	26,81	2,42	24,1	14,8
	Peixes de mar (outros)	6.864	22,36	3,26	14,9	12,4
	Atúns	5.005	17,78	3,55	10,9	9,8
	Pescadas	4.545	18,94	4,17	9,9	10,5
	Peixes sapo	2.458	15,76	6,41	5,4	8,7
	Rapantes	2.138	9,35	4,37	4,7	5,2
	Xardas	1.915	1,19	0,62	4,2	0,7
	Xurelos	1.861	4,11	2,21	4,1	2,3
	Filetes e carne de peixes	1.694	11,65	6,88	3,7	6,4
	Linguados	1.610	17,69	10,99	3,5	9,8
	Sardiñas	1.568	1,40	0,89	3,4	0,8
	Resto especies	5.177	33,99	6,57	11,3	18,8
<i>Total peixe</i>		<i>45.925</i>	<i>181,03</i>	<i>3,94</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
MOLUSCOS	Chocos	4.130	13,32	3,22	31,7	32,6
	Mexillóns	2.554	3,38	1,32	19,6	8,3
	Ourizos de mar e outros	1.939	10,10	5,21	14,9	24,7
	Ostras	1.843	2,60	1,41	14,1	6,4
	Vieiras	1.311	3,91	2,98	10,0	9,6
	Luras e potas	1.060	6,62	6,24	8,1	16,2
	Polbos	187	0,76	4,08	1,4	1,9
	Caracois	18	0,18	10,03	0,1	0,4
<i>Total moluscos</i>		<i>13.044</i>	<i>40,86</i>	<i>3,13</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
CRUSTÁCEOS	Cangrexos	661	2,08	3,15	54,0	33,0
	Bois de mar	280	0,99	3,55	22,9	15,8
	Lagostinos	110	1,19	10,84	9,0	18,9
	Resto especies	173	2,03	11,72	14,1	32,2
<i>Total crustáceos</i>		<i>1.224</i>	<i>6,29</i>	<i>5,14</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
<i>Total xeral</i>		<i>60.192</i>	<i>228,19</i>	<i>3,79</i>	<i>---</i>	<i>---</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España da Axencia Tributaria*.

**Cadro 12.- Importacións orixe Reino Unido (datos medios do período 2001-2005)**

	ESPECIE	TONELADAS	MILLÓNS €	€/kg	% S/PESO	% S/VALOR
PEIXE	Salmóns	4.482	11,68	2,61	22,8	16,7
	Rapantes	3.662	15,67	4,28	18,7	22,4
	Pescadas	2.957	13,47	4,56	15,1	19,3
	Peixes de mar (outros)	2.449	6,11	2,50	12,5	8,8
	Peixes planos	1.879	5,32	2,83	9,6	7,6
	Peixes sapo	1.113	6,94	6,23	5,7	9,9
	Resto especies	3.087	10,68	3,46	15,7	15,3
<i>Total peixe</i>		<i>19.627</i>	<i>69,87</i>	<i>3,56</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
MOLUSCOS	Ourizos de mar e outros	1.885	4,44	2,36	47,9	36,9
	Vieiras	738	2,77	3,75	18,7	23,0
	Ostras	572	2,22	3,88	14,5	18,4
	Luras e potas	418	1,57	3,74	10,6	13,0
	Resto especies	322	1,051	3,27	8,2	8,7
<i>Total moluscos</i>		<i>3.934</i>	<i>12,04</i>	<i>3,06</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
CRUSTÁCEOS	Cangrexos	3.204	11,200	3,50	33,4	19,6
	Bois de mar	3.564	9,19	2,58	37,2	16,1
	Lagostinos	1.854	22,02	11,87	19,3	38,5
	Lumbrigantes	660	11,84	17,93	6,9	20,7
	Resto especies	305	2,973	9,74	3,2	5,2
<i>Total crustáceos</i>		<i>9.588</i>	<i>57,22</i>	<i>5,97</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
<i>Total xeral</i>		<i>33.150</i>	<i>139,13</i>	<i>4,20</i>	<i>---</i>	<i>---</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España da Axencia Tributaria*.

**Cadro 13.- Importacións orixe Portugal (datos medios do período 2001-2005)**

	ESPECIE	TONELADAS	MILLÓNS €	€/kg	% S/PESO	% S/VALOR
PEIXE	Sardiñas	14.656	10,39	0,71	51,5	16,7
	Peixes de mar (outros)	2.941	16,08	5,47	10,3	25,8
	Quenllas e outros	2.034	3,95	1,94	7,1	6,3
	Xardas	1.487	0,77	0,52	5,2	1,2
	Arenques	1.121	3,69	3,29	3,9	5,9
	Peixe espada	1.065	5,62	5,28	3,7	9,0
	Bacaladillas	797	0,72	0,90	2,8	1,1
	Pescadas	736	2,31	3,14	2,6	3,7
	Resto de especies	3.620	18.728	5,17	12,7	30,1
<i>Total peixe</i>		28.457	62,26	2,19	100,0	100,0
MOLUSCOS	Ourizos de mar e outros	1.978	3,61	1,82	34,2	21,7
	Polbos	1.749	9,55	5,46	30,2	57,4
	Mexillóns	452	0,42	0,93	7,8	2,5
	Luras e potas	373	1,32	3,54	6,4	7,9
	Chocos	175	0,83	4,74	3,0	5,0
	Resto de especies	1.063	0,90	0,85	18,4	5,4
<i>Total moluscos</i>		5.789	16,63	2,87		
CRUSTÁCEOS	Cangrexos	355	0,29	0,80	40,1	3,3
	Gambas	351	5,59	15,92	39,7	65,2
	Resto de especies	178	2,70	15,15	20,1	31,5
<i>Total crustáceos</i>		885	8,58	9,69	100,0	100,0
<i>Total xeral</i>		35.131	87,46	2,49	---	---

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Cadro 14.- Importacións orixe Italia (datos medios do período 2001-2005)**

	ESPECIE	TONELADAS	MILLÓNS €	€/kg	% S/PESO	% S/VALOR
PEIXE	Bocartes	11.985	15,69	1,31	49,4	27,3
	Atúns	2.403	8,97	3,73	9,9	15,6
	Salmóns	2.206	6,57	2,98	9,1	11,4
	Peixes de mar (outros)	2.241	6,98	3,12	9,2	12,2
	Sardiñas	1.092	0,93	0,85	4,5	1,6
	Resto de especies	4.338	18,32	4,22	17,9	31,9
<i>Total peixe</i>		24.265	57,45	2,37	100,0	100,0
MOLUSCOS	Erizos de mar e outros	7.714	28,76	3,73	67,4	80,1
	Vieiras	2.733	5,30	1,94	23,9	14,7
	Mexillóns	658	0,67	1,02	5,7	1,9
	Resto de especies	346	1,20	3,46	3,0	3,3
<i>Total moluscos</i>		11.451	35,92	3,14	100,0	100,0
CRUSTÁCEOS	Gambas	160	1,44	8,98	74,4	81,1
	Camaróns	26	0,23	9,03	12,1	13,3
	Bois de mar	14	0,04	3,02	6,6	2,4
	Resto de especies	15	0,06	3,90	6,9	3,2
<i>Total crustáceos</i>		215	1,77	8,24	100,0	100,0
<i>Total xeral</i>		35.931	95,14	2,65	---	---

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estadísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

**Cadro 15.- Importacións orixe Marrocos (datos medios do período 2001-2005)**

	ESPECIE	TONELADAS	MILLÓNS €	€/kg	% S/PESO	% S/VALOR
PEIXE	Peixes de mar (outros)	10.735	31,07	2,89	40,3	40,2
	Bocartes	2.823	3,95	1,40	10,6	5,1
	Peixes planos	2.799	7,31	2,61	10,5	9,5
	Pescadas	2.795	9,06	3,24	10,5	11,7
	Peixe espada	1.391	9,95	7,15	5,2	12,9
	Sardiñas	1.134	0,10	0,09	4,3	0,1
	Resto de especies	4.963	15,91	3,21	18,6	20,6
<i>Total peixe</i>		<i>26.641</i>	<i>77,35</i>	<i>2,90</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
MOLUSCOS	Caracois	9.794	4,23	0,43	81,1	32,5
	Luras e potas	1.180	5,65	4,79	9,8	43,4
	Erizos de mar e outros	489	1,66	3,40	4,0	12,8
	Chocos	472	1,04	2,19	3,9	8,0
	Polbos	145	0,43	2,99	1,2	3,3
	Resto de especies	3	0,004	1,56	0,0	0,03
<i>Total moluscos</i>		<i>12.082</i>	<i>13,01</i>	<i>1,08</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
CRUSTÁCEOS	Cangrexos	512	0,77	1,50	25,5	7,3
	Outros crustáceos	666	1,99	2,99	33,1	18,8
	Camaróns	306	0,81	2,63	15,2	7,6
	Gambas	257	1,09	4,23	12,8	10,3
	Lagostas	162	3,91	24,21	8,0	37,0
	Lumbrigantes	106	2,00	18,85	5,3	18,9
	Lagostinos	1	0,01	11,43	0,1	0,1
<i>Total crustáceos</i>		<i>2.012</i>	<i>10,59</i>	<i>5,26</i>	<i>100,0</i>	<i>100,0</i>
<i>Total xeral</i>		<i>40.735</i>	<i>100,95</i>	<i>2,48</i>	<i>---</i>	<i>---</i>

FONTE: Elaboración propia a partir das *Estatísticas de Comercio Exterior de España* da Axencia Tributaria.

## 7. CONCLUSIÓNS

A oferta española non decrece senón que observa unha forte estabilidade e nalgunha compoñente mesmo crecemento.

A composición da oferta modúlase en relación ás flutuacións das capturas propias coas importacións, cumprindo estas o papel compensador das caídas ou decaementos das capturas calquera que sexa a causa dese decrecemento.

O mercado pesqueiro actual reúne todas as características dun mercado global, é dicir, máis alá do comercio internacional caracterizado polo crecemento dos intercambios, o mercado global éo na medida en que no mercado interior español se distribúen de xeito indistinto calquera produto pesqueiro de calquera parte do mundo e coa mesma fluidez cá pesca propia.

A capacidade de importar como relación de intercambio estable denota, así mesmo, unha gran fortaleza do sector comercializador pesqueiro capaz de establecer de xeito permanente esas relacións comerciais.

Os subministradores principais das importacións pesqueiras desempeñan o papel de abastecedores tanto para o mercado de fresco como para transformación (conserva e novos transformados) en ausencia de posibilidades de acceso a capturas en mares tanto próximos coma afastados.

A evolución temporal do coeficiente de prezo relativo das importacións indica que os principais subministradores de produtos da pesca que abastecen o mercado español tenden a especializarse en produtos cun alto valor comercial.

As exportacións españolas de peixe abastecen nomeadamente mercados de economías desenvolvidas de Europa e ao Xapón. Véndese tanto fresco coma conxelado e mantense, a base dun sector exportador moi dinámico, unha tradición exportadora española de elevadísima importancia, mesmo sen contabilizar as conservas.